



REGULAMENTO DE FORMACIÓN

O presente regulamento contén o protocolo polo que se rexerá o programa estable de formación para avogados do Consello da Avogacía Galega.

1.- Competencia en materia de formación.- 1. O Consello asume e exerce as competencias en materia de formación obrigatoria para avogados da quenda de oficio e para aquelas outras quendas especiais que, por acordo do propio Consello ou disposición legal (V. Gr. o Regulamento de Xustiza Gratuíta), precisen acreditar unha formación especializada para poder exercer nunha determinada materia ou ámbito profesional.

2. A comisión de Formación creada no Consello da Avogacía Galega terá a función de propoñer a planificación, programación e execución de todas as iniciativas.

2.- Programas formativos.- O Consello da Avogacía Galega establecerá programas formativos para avogados, que outorgarán a quen os supere os coñecementos mínimos imprescindibles para exercer nun determinado ámbito profesional, o que se certificará polo órgano colexial competente.

3.- Homologación de programas.- O Consello da Avogacía Galega homologará aqueles programas dos colexios de avogados e escolas de práctica xurídica de Galicia que se axusten aos contidos establecidos en cada caso. Tamén poderá homologar os programas e cursos realizados por outras institucións académicas ou profesionais exclusivamente aos efectos de acreditar os coñecementos precisos para exercer nas quendas especiais que se establezan nos colexios de avogados galegos.



4.- Convalidación de títulos e habilitacións. 1. A petición en cada caso do interesado, o Consello da Avogacía Galega convalidará aqueles títulos e estudos que, non tendo sido previa e expresamente homologados, fosen cursados polo letrado noutras institucións académicas e profesionais, sempre que sexan homologables.

2. A convalidación habilitará ao letrado para pertencer á quenda especial de que se trate.

3. A resolución que outorgue a convalidación poderá esixir ao letrado, como condición suspensiva, que complemente os seus coñecementos mediante a asistencia a módulos de formación, cando se estime que o curso a que asistiu non contemplou a totalidade do programa homologado polo Consello da Avogacía Galega.

5.- Contido. En todos os casos de homologacións e convalidacións, os contidos establecidos polo Consello da Avogacía Galega terán o carácter de mínimos.

6.- Natureza dos cursos. Os cursos homologados terán carácter formativo e científico, sen prexuízo de que se inclúan contidos para a sensibilización dos letrados en relación a unha determinada cuestión de trascendencia social.

7.- Extensión. Os cursos terán a duración, en horas lectivas, que se establezan a proposta da Comisión de Formación en cada caso. Poderán ser ampliados por cada colexio tanto en horario como en materias, mais en canto aos contidos mínimos impartiránse nun máximo de tres xornadas en un mínimo dunha, complementándose, de selo caso, mediante formación *on line*.

8. Órgano competente para impartir os cursos.- 1. Os cursos poderán ser impartidos directamente polo Consello da Avogacía Galega ou polos colexios de avogados. As certificacións de aptitude serán expedidas por cadanseu secretario, co visto prace do Presidente do Consello ou polo Decano do Colexio, segundo o caso.

2. Poderase obter a colaboración doutras entidades ou organismos para impartir os cursos.

9. Forma, periodicidade e lugar de impartición dos cursos.- Os cursos serán impartidos permanente e preferentemente



vía internet, permitindo que o letrado teña acceso ilimitado no tempo á documentación. En todo caso celebrárase unha ou máis xornadas presenciais en cada cidade por cada curso, con carácter como mínimo anual.

10. Acreditación do aproveitamento.- O Consello, a proposta da comisión de formación, establecerá o modo de acreditar a superación de cada curso de acordo coas características de cada curso. En caso de que un curso sexa impartido na modalidade de internet, establecerase un examen on line que garanta a adquisición de coñecementos polo avogado.

Cando unha norma esixa a acreditación dos coñecementos necesarios para pertencer a unha quenda especial, coma as de asistencia xurídica gratuíta a vítimas de violencia de xénero, a menores, ou en materia de estranxeiría, será precisa a acreditación a que se refire este artigo.

11. Gratuidade dos cursos.- 1. Os cursos obrigatorios serán preferentemente gratuítos para os avogados. No caso de admitirse aos avogados non exercentes ou titulados en dereito, estes virán obrigados a aboar unha taxa que se establecerá en cada caso.

2. Non obstante o anterior, o Consello ou o Colexio de Avogados poderán percibir en concepto de inscrición e matrícula unha taxa moderada, por mor de financiar total ou parcialmente o curso, de evitar as inscricións falsas ou rutinarias, ou por calquera outro motivo que se aprecie en cada caso.

12. Requisitos de inscrición.- Para acceder a un curso será obrigatoria a inscrición previa. Poderán asistir os colexiados non exercentes e outros titulados en Dereito, se o aforo non está cuberto, e previo abono da taxa que en cada caso se estableza polo Colexio de Avogados ou polo Consello da Avogacía Galega.

13. Resolucións.- As resolucións que dite o Consello da Avogacía Galega en materia de homologación de programas, cursos e títulos realizados en institucións propias ou alleas á avogacía, como actos administrativos relativos á competencia corporativa en materia de ordeación profesional, serán recurribles en vía contencioso



administrativa, sen prexuízo dos recursos na instancia que caiban con arranxo a lexislación administrativa.

14. **Órganos.-** Os cursos, unha vez aprobados polo Consello da Avogacía Galega a proposta da Comisión de Formación, serán coordinados por un director e por un secretario técnico, que poderá ser o do Consello da Avogacía Galega.

15. **Prestadores: Designación e requisitos.** Os titores e relatores dos cursos impartidos polo Consello serán designados a proposta da Comisión de Formación. Cando sexa o Colexio o encargado de impartir os programas, poderán designar os relatores que teñan por conveniente. En ambos casos deberá garantirse que contan coa preparación suficiente e ao menos 5 anos de exercicio profesional.

16. **Financiación e apoio tecnolóxico:** O Consello sufragará os custos xerais en concepto de remuneración dos relatores, materiais reprográficos propios, gastos de desprazamentos etc., e fornecerá a plataforma tecnolóxica necesaria para impartir os cursos.

17. Entrada en vigor do presente regulamento. O presente regulamento entrará en vigor a partir da súa aprobación, se ben existirá unha moratoria dun ano para os efectos de coordinación e homologación de programas. En todo caso, a partir do 1 de xaneiro de 2014 será preciso contar coa acreditación correspondente para acceder ou permanecer nas quendas para as que sexa obrigatoria.